NOVENO:- En canto ó exercizo da actividade económica de conformidade co disposto no **artigo 9 e 12 do Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos, aprobado por Decreto 144/2016, de 22 de setembro**, concorren os requisitos establecidos para o exercicio da actividade que se dispón a iniciar, posúe a documentación que así o acredita, e comprométese a manter o seu cumprimento durante todo o período de tempo que dure o exercicio da actividade.

En consecuencia, ao abeiro do **artigo 69 da Lei 39/2015**, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, permitírase o exercicio da actividade económica desde o día da súa presentación, sen prexuízo das facultades de comprobación, control e inspección que teñan atribuídas as Administracións Públicas.

18.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – Ana María Corrales Valiñas

Visto o escrito presentado por Pablo Martín del Barrio en representación de **Ana María Corrales Valiñas**, de data 02/06/2026 (Rexistro de entrada nº 13.244), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 1230815NH0112N.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Óscar Pidre Mosquera, de data 01/07/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

1. ANTECEDENTES

Solicitud de información urbanística dunha parcela, presentada no rexistro xeral do Concello de Ribeira co núm. 202600013244 o día 2 de xuño de 2026.

2. OBXECTO DO INFORME

Infórmase dende punto de vista técnico sobre a clasificación urbanística dunha parcela contigua.

3. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM



- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL

4. CONSIDERACIÓNS

4.1. Documentación achegada

Presentouse unha solicitude de información urbanística dunha parcela indicando a súa referencia catastral.

4.2. Normativa urbanística

O PXOM de Ribeira clasifica a parcela con referencia catastral 1230815NH0112N, no seu plano 3.6, de Clasificación y Cualificación do solo e aliñacións en núcleos urbanos (Santa Uxía), a escala E:1/2.000 como solo urbano residencial extensivo en fileira (Ordenanza 6.2), artigo 156 do PXOM.

A Ordenanza que regula as actuacións urbanísticas nestas parcelas son:

- **Ordenanza 6.2. Residencial extensiva colectiva en fileira, artigo 156 do PXOM:**

Comprende esta Ordenanza as áreas de solo urbano pouco densificadas dos núcleos urbanos apoiándose sobre a rede viaria tradicional, nas que se localizan vivendas colectivas acaroadas a medianeiras existentes, pareadas ou illadas con xardíns na parte das súas parcelas non edificadas.

1.1.- Obras admisibles

Son admisibles todo tipo de obras de:

- demolición
- reforma
- ampliación
- nova planta

1.2.- Usos globais

Uso global: residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: vivenda colectiva

Usos admisibles: só se admitirán ademais do uso característico, os terciarios que teñan unha relación de dependencia directa co uso principal, isto é, só se admitirán as oficinas, comercios e talleres de nivel de compatibilidade similar ao doméstico.

1.3. Tipoloxías edificatorias

Vivenda colectiva acaroada a medianeiras existentes, pareada e en fileira, que deberán xustificar as súas condicións tipolóxicas para garantir a integración das novas edificacións cas preexistentes.

Esta xustificación será extensible ás condicións xeométricas, da edificación, en coherencia cas condicións xerais de parcela.

2. Parámetros da edificación

2.1. Condicións da parcela

Parcela mínima: 200 m²

Fronte mínimo: Será de 10 m. podéndose autorizar a edificación en parcelas con fronte menor 8 m. no caso de vivendas acaroadas a medianeiras existentes ou pareadas.

2.2. Condicións de ocupación



Ocupación máxima en parcela: 50%.

Recuados: A posición da edificación quedará recuada respecto aos lindeiros 3 metros e poderá recuarse da aliñación ata un máximo de 8 metros, podéndose acaroar con un dos colindantes previo acordo por escrito das partes e obrigándose a acaroar no caso de existir unha edificación con medianeira existente sobre dicha parcela; no caso de existir dúas medianeiras sobre unha mesma parcela, non se obrigará a ter unha fronte mínimo de 8 metros, nin as demais condicións de edificación.

2.3. Condiciones de volume

Edificabilidade: 1,25 m²/m²

Altura edificación:

Nº plantas: Baixo + unha planta + Baixo cuberta, computándose a todos os efectos a edificabilidade consumida en espazos de altura superior a 1,5 metros. Se permite a planta soto, con ocupación de toda a parcela para aparcamentos e servizos.

H. máxima: 6,5 metros

Altura de coroación: será de 4,00 metros sobre o último forxado.

2.4. Elementos arquitectónicos

Igual que a 6.1.

- **Corpos voados:** Autorízanse corpos voados coma elementos engadidos ao corpo principal da construción tales coma galerías ou miradoiros, non podendo pecharse con elementos opacos en mais do 50% da súa superficie. As dimensións dos voos serán as establecidas nas condicións xerais de edificación, permitíndose a partir dunha altura de 3,5 metros.
- **Balcóns:** Nos corpos voados non se autorizan a sobresaír sobre o voo permitido con balcóns. No resto dos casos a súa dimensión máxima será de 60 cm.
- **Construcións auxiliares:** Autorízase unha construción auxiliar por parcela, será obrigatoriamente de planta baixa e unha altura máxima de 3 metros, non superando en ningún caso os 30 metros de superficie. Sempre que superen os 15 m, non poderán autorizarse, sen existencia da edificación principal.
- **Comisas e aleiros:** A dimensión máxima do saínte de comisas e aleiros será de 0,4 metros.
- **Cubertas, materiais:** As cubertas resolveranse prioritariamente a dúas augas empregando en calquera caso como material de cobertura tella cerámica. Estarán compostas de faldóns rectos do aleiro ao cumio, prohibíndose a construción de mansardas.

2.5. Condicións ambientais e estéticas

A intención é a de conseguir unha franxa de edificación en baixa densidade con gran proporción de espazos axardinados e arboredas.

Peches exteriores e materiais: A volumetría, composición, natureza, textura e cor dos materiais serán acordes cos utilizados no proceso de formación da paisaxe histórica. Se adoptarán solucións tipolóxicas propias do entorno. Se prohiben os muros de bloques sen revestir e pintar.

Na carpintería exterior do edificio poderase empregar madeira, ferro, aluminio ou plástico sempre que estean pintados, lacados ou coreados.

Prohíbese o aluminio na súa cor natural.

Composición de fachadas e ocos: tomarase coma referencia a arquitectura popular existente na zona.

Recoméndase que os ocos das ventás deberán ter forma cadrada ou rectangular, neste caso, o lado vertical será sempre maior co horizontal.



Integración no medio natural: A edificación deberá estar integrada no medio natural, debendo quedar convenientemente axardinado o espazo comprendido entre os edificios e os lindeiros da parcela.

5. Autorizacións ou informes sectoriais

A parcela encóntrase, parcialmente dentro da franxa de protección da estrada autonómica AC-305, polo que para levar a cabo calquera actuación urbanística deberá solicitar autorización á Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) da Xunta de Galicia.

6. OBSERVACIÓNS

A parcela encóntrase afectada aliñación de cesións obrigatorias para ampliación de viais.

19.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA - Rosa María Pérez Domínguez

Visto o escrito presentado por Fernando Casas Iglesias en representación de **Rosa María Pérez Domínguez**, de data 05/02/2026 (Rexistro de entrada nº 2.873), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 0522912NH0102S0001BH.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Óscar Pidre Mosquera, de data 03/07/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

1. ANTECEDENTES

Solicitud de información urbanística dunha parcela, presentada no rexistro xeral do Concello de Ribeira co núm. 202600002873 o día 5 de febreiro de 2026.

2. OBXECTO DO INFORME

Infórmase dende punto de vista técnico sobre a clasificación urbanística dunha parcela.

3. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL

4. CONSIDERACIÓNS

4.1. Documentación achegada

Presentouse unha solicitude de información urbanística dunha parcela indicando súa referencia catastral e achegando un plano de situación.


4.2. Normativa urbanística

O PXOM de Ribeira clasifica a parcela con referencia catastral 0522912NH0102S0001BH, coma solo urbano (S.U.) no seu plano 3.9, de Clasificación e Cualificación do solo e aliñacións en núcleos urbanos (Santa Uxía), a escala E:1/2000 coa ordenanza de aplicación núm.1, para o solo urbano.



O PXOM de Ribeira non se atopa adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e segundo a DT1ª.2.a. da LSG, ao solo urbano que reúna as condicións establecidas no art.17.a. da LSG aplicaráselle o disposto nela para o solo urbano consolidado.

A ordenanza 1. do PXOM, ten a denominación de “Residencial intensiva colectiva en mazá”, artigo 150 do PXOM.



“ARTIGO 150: ORDENANZA 1.- RESIDENCIAL INTENSIVA COLECTIVA EN MAZÁ.

1. Definición e ámbito.

Comprende esta ordenanza as áreas de solo con densidade de poboación alta, destinadas para o uso residencial na súa

forma de vivenda colectiva con plantas baixas destinadas ao uso terciario e sotos a aparcamento.

O seu deseño apoiase sobre a rede viaria existente e a que se ten deseñado ou completado mediante o presente planeamento.

É unha ordenanza que se basea principalmente nunha única aliñación exterior ou de mazá, á que se lle adxudican

unha ou varias alturas máximas de comisa en atención á diferenza de cotas do viario.

1.1. Obras admisibles

Son admisibles todo tipo de obras de:

- demolición
- reforma
- ampliación
- nova planta

2. Usos

Uso global: Residencial intensivo.

Uso característico pormenorizado: Vivenda colectiva



Usos admisibles: Terciario de comercio, Oficinas e Hostalaría, Industriais no seu nivel de talleres que non superen os umbrais de compatibilidade domésticos e Dotacións de Interese Social, unicamente en plantas baixa e primeira.

3. Tipoloxía edificatoria

A tipoloxía edificatoria é a da edificación pechada entre medianeiras que resolverá as súas luces a través das fachadas exteriores o a través de patios de parcela.

4. Parámetros da edificación

4.1. Condicións da parcela

Parcela mínima: 100 m². Exceptuando as parcelas existentes entre dúas xa consolidadas.

Fronte mínimo: 6 m. Excepto parcelas entre medianeiras.

4.2. Condicións de ocupación

Ocupación máxima de la parcela: 100%.

Ocupación en planta baixa: Fondo máximo: 25 m

Ocupación en Sotos: 100% da parcela edificable.

Fondo máximo plantas de pisos: 18 metros.

Aliñación: As definidas nos planos correspondentes, con carácter obrigatorio.

4.3. Condicións de volume

Número de plantas: As definidas nos planos de ordenación, ca limitación do largo de rúa segundo o establecido nas condicións xerais de edificación, salvo nas rúas relacionadas na seguinte táboa:

Rúa de Galicia: B + E + 2P 4- Ático

Avda. Do malecón e paseo das Carolinas (de Romero Ortiz a Avda. de A Coruña): B + E 4- 4P 4- Ático

C/ Cordierio: B + E + 3P + Ático

C/ Cristóbal Colón (desde Praza da Igrexa a c\ Irmandiños): B + 3P + Ático

C/ Gral. Franco: B + E + 2P + Ático

C/ Lagareu: B 4- 3P + Ático

C/ Lepanto: B + 3P + Ático

C/ Mariño de Ribeira: B + E + 3P 4- Ático

C/ Miguel Rodríguez Bautista: B + E + 3P + Ático

C/ Monumento: B + 3P 4- Ático

C/ Noro: B + 3P + Ático

C/ Nove de agosto: B + E + 3P -t- Ático

C/ Romero Ortiz (desde Malecón ata Rúa do Toxo e Rúa da Canteira): B + 3P + Ático

C/ Rosalía Castro: B + E + 4P + Ático

Praza do Concello: B -l- E + 4P 4- Ático

Avda. Ferrol (desde Padín ata Corredoira Morta - Carretera de Comandante): B + E -f- 2P + Ático

Avda. Pérez Galdós; B + E + 2P + Ático

Prolongación rúa Escorial: B + 4P 4- Ático

Altura de comisa: Para determinar a altura máxima, consideraranse 3,50 m. para a planta baixa, 3 m. para as plantas altas en caso de uso residencial, que pode á aumentar a 3,20 m. para os usos terciarios e dotacional de equipamentos.

Altura de coronación: La cumieira situarase nunha cota máxima de 4 metros por cima do último forxado.

4.4. Elementos arquitectónicos

Autorízanse as construcións de baixo cuberta cun peto en liña de fachada de 1,00 m. de altura máxima.

Autorízanse voos segundo as condicións xerais de edificación, e cunha superficie acristalada mínima do 30% e unha ocupación máxima do 80% da superficie da fachada, excluída a correspondente á planta baixa.

Voos máximos de cornisas e aleiros serán 0,4 metros.

Os patios de luces rexiránse pola Normativa establecida no Decreto 311/1992 en función da altura e uso.



5. AUTORIZACIÓNS OU INFORMES SECTORIAIS

A parcela encóntrase dentro do ámbito de afección dun elemento catalogado, polo que será precisa a autorización do Servizo Provincial de Patrimonio Cultural para levar a cabo calquera actuación urbanística na mesma.

20.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – José Manuel Fariñas Rivas

Visto o escrito presentado por **José Manuel Fariñas Rivas**, de data 15/06/2026 (Registro de entrada nº 14.795), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 001200300MH90H0001RY.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Óscar Pidre Mosquera, de data 07/07/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

1. ANTECEDENTES

Solicitud de información urbanística dunha parcela, presentada no rexistro xeral do Concello de Ribeira co núm. 202600014795 do día 15 de xuño de 2026.

2. OBXECTO DO INFORME

Infórmase dende punto de vista técnico sobre a clasificación urbanística dunha parcela.

3. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL

4. CONSIDERACIÓNS

4.1. Documentación achegada

Presentouse unha solicitude de información urbanística dunha parcela indicando a súa referencia catastral.

4.2. Normativa urbanística

O PXOM de Ribeira clasifica a parcela con referencia catastral 001200300MH90H0001RY, na Modificación Puntual do Plan xeral de ordenación municipal de Ribeira denominada solo urbanizable industrial, aprobada definitivamente o 5 de novembro de 2021, e publicada no Diario Oficial de Galicia o 23 de novembro de 2021; como solo rústico de especial protección, no plano da Modificación Puntual Or-01 a escala 1/5.000.

O PXOM de Ribeira non se atopa adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e segundo a DT1ª.2.d. da LSG, ao solo non urbanizable ou solo rústico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico., agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 da LSG.

As condicións para este tipo de solo segundo a Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia son:



- **Solo Rústico**

A Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, no seu apartado 35 “Usos e actividades en solo rústico”, indica que Os usos e as actividades admisibles en solo rústico serán os seguintes:

- a) Accións sobre o solo ou subsolo que impliquen movementos de terra, tales como dragaxes, defensa de ríos e rectificación de leitos, abalancamentos, desmontes e recheos.
- b) Muros de contención, así como valado de predios.
- c) Actividades de ocio, tales como práctica de deportes organizados, acampada dun día e actividades comerciais ambulantes.
- d) Campamentos de turismo cas obras, servizos e instalacións previstas na normativa vixente en materia de turismo, así como zonas especiais de acollida para autocaravanas e caravanas en tránsito, conforme ao establecido en dita normativa; e as instalacións de praia e actividades de carácter deportivo, sociocultural, recreativo e de baño, de carácter público ou privado, de uso individual ou colectivo, que se desenvolvan ao aire libre, cas obras e instalacións imprescindibles para o uso do que se trate.
- e) Actividades científicas, escolares e divulgativas.
- f) Depósito de materiais, almacenamento e parques de maquinaria e estacionamento ou exposición de vehículos ao aire libre.
- g) Construcións e instalacións agrícolas en xeral, tales coma as destinadas ao apoio das explotacións hortícolas, almacéns agrícolas, talleres, garaxes, parques de maquinaria agrícola, viveiros e invernadoiros.
- h) Construcións e instalacións destinadas ao apoio da gandería extensiva e intensiva, granxas, corrais domésticos e establecementos nos que se aloxen, manteñan ou críen animais, e instalacións apícolas.
- i) Construcións e instalacións forestais destinadas á xestión forestal e as de apoio á explotación forestal, así coma as de defensa forestal, talleres, garaxes e parques de maquinaria forestal.
- j) Construcións e instalacións destinadas a establecementos de acuicultura.
- k) Actividades e instalacións comprendidas no ámbito da lexislación mineira, incluídos os establecementos de beneficio, e pirotecnias.
- l) Instalacións vinculadas funcionalmente ás estradas e previstas na ordenación sectorial destas, así coma as estacións de servizo.
- m) Instalacións e infraestruturas hidráulicas, de telecomunicacións, produción e transporte de enerxía, gas, abastecemento de auga, saneamento e xestión e tratamento de residuos, sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren.
- n) Construcións destinadas a usos residenciais vinculados á explotación agrícola ou gandeira.
- o) Construcións de natureza artesanal ou de reducida dimensión que alberguen actividades complementarias de primeira transformación, almacenamento e envasado de produtos do sector primario, sempre que garden relación directa ca natureza, extensión e destino da finca ou explotación do recurso natural.
- p) Construcións e rehabilitacións destinadas ao turismo que sexan potenciadoras do medio onde se ubiquen.
- q) Construcións e instalacións para equipamentos e dotacións públicos ou privados.
- r) Outros usos análogos que se determinen reglamentariamente e coordinados entre a lexislación sectorial e a presente lei.

Os restantes usos en solo rústico son usos prohibidos.

No artigo 39 Condicións xerais das edificacións no solo rústico, indícase:

Para poder obter o título habilitante municipal de natureza urbanística, ou a autorización autonómica nos supostos previstos no artigo 36, para calquera clase de edificacións ou instalacións no solo rústico, haberá de xustificarse o cumprimento das seguintes condicións:

- a) Garantir o acceso rodado de uso público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento de augas residuais, ou subministro de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos e, no seu caso, a previsión de aparcamentos suficientes, así como corrixir as repercusións que produza



a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes.

- b) Prever as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así coma todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e o medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.
- c) Cumprir as seguintes condicións de edificación:
 - a. As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados serán acordes ca paisaxe rural e as construcións do entorno, sen prexuízo de outras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica.
 - b. O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións tradicionais existentes, salvo cando resulte imprescindible superalo por esixencias do uso ou actividade.
 - c. En todo caso, haberán de adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do releve natural dos terreos.
 - d. Os peches de fábrica no poderán exceder de 1,5 metros de altura, debendo adaptarse ao medio no que se ubiquen.
 - e. A altura máxima das edificacións non poderá exceder de dúas plantas nin de sete metros medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arranque inferior da vertente de cuberta
- d) Cumprir as seguintes condicións de posición e implantación:
 - a. Deberá xustificarse suficientemente a idoneidade do empraemento elixido e a imposibilidade ou inconveniencia de empraementos en solo urbano ou urbanizable con cualificación idónea. Tal xustificación non será necesaria cando se trate das construcións sinaladas no artigo 35.1, letras g), h), i), l), m) y n).
 - b. A superficie mínima da parcela sobre a que se situará a edificación será de 2.000 metros cadrados, e non resultará esixible o cumprimento deste requisito para os usos regulados no artigo 35.1.m), para a ampliación de cemiterios e para as instalacións temporais que presten servizos necesarios ou convenientes para a utilización e disfrute do dominio público marítimo-terrestre.
 - c. A superficie máxima ocupada pola edificación en planta non excederá o 20 % da superficie da finca.
 - d. Os edificios se situarán dentro da parcela, adaptándose no posible ao terreo e ao lugar mais apropiado para conseguir a maior redución do impacto visual e á menor alteración da topografía del terreo.
 - e. Os recuados das construcións aos lindes da parcela deberán garantir a condición de illamento, e en ningún caso poderán ser inferiores a 5 metros.
 - f. As condicións de abancalamiento obrigatorio e de acabado dos bancais resultantes deberán definirse e xustificarse no proxecto, de modo que quede garantido o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración da topografía natural dos terreos.

Manterase o estado natural dos terreos ou, no seu caso, o uso agrario de eles ou con plantación de arborado ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas.

5. AFECCIÓN SECTORIAIS

A parcela encóntrase dentro de zona de especial protección de costas, de especial protección de espazos naturais, de especial protección paisaxística polo Plan de Ordenación do Litoral de Galicia, dentro da zona ZEC de Rede natura, e parte da parcela cualificada coma sistema xeral – Espazo Libre.



A parcela encóntrase dentro da franxa de servidume de protección de costas e en zona de policía de canles de Augas de Galicia.

21.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – María Dulcerina Millares Ozores

Visto o escrito presentado por **María Dulcerina Millares Ozores**, de data 25/06/2026 (Rexistro de entrada nº 15.688), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A802000400000ZY, neste termo municipal.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 03/07/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A802000400000ZY, neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración dende os últimos seis anos.

22.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Cristina Ramos Pérez

Visto o escrito presentado por **Cristina Ramos Pérez**, de data 19/05/2026 (Rexistro de entrada nº 11.822), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 0425757NH0102N0001PI, neste termo municipal.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 07/07/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 0425757NH0102N0001PI, neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración dende os últimos seis anos.

23.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – María Filgueira Pérez

Visto o escrito presentado por **María Filgueira Pérez**, de data 10/06/2026 (Rexistro de entrada nº 14.225), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A022006640000KA, neste termo municipal.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 03/07/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante



como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A022006640000KA, neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración dende os últimos seis anos.

24.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D^a M^a EUGENIA PEGO LEMA, POLOS DANOS SUFRIDOS NO VEHÍCULO MATRÍCULA 4554KGV, OCASIONADOS Ó BATER CON UNHA FOCHA NA CALZADA. EXPEDIENTE 2025 RESP000022

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D^a M^a EUGENIA PEGO LEMA**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- O día 26 de xuño de 2025, D^a M^a Eugenia Pego Lema circulaba no vehículo da súa propiedade, marca Skoda, modelo Octavia, con placas de matrícula 4554KGV, cara o seu domicilio no número 53 do Lugar dos Curros, parroquia de Castiñeiras, cando á altura do lugar de Poi da citada parroquia, impactou cunha focha que se atopaba na calzada, ó non poder esquivala debido a que viña circulando un automóbil polo carril contrario, o que ocasionou danos na roda dianteira dereita e na llanta.

Segundo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 30/06/2025 co número 15928, D^a M^a Eugenia Pego Lema promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polos danos ocasionados no vehículo con placas de matrícula 4554KGV, que cuantifican na contía total de 299,91 euros.

Co seu escrito de reclamación achega a seguinte documentación:

- Copia do seu DNI.
- Copia do permiso de circulación do vehículo.
- Copia da ITV do vehículo.
- Tres fotografías da roda danada.
- Unha factura proforma de data 26/6/2025 emitida por “*Neumáticos Tino*”, polo importe de 299,91 euros.

Terceiro.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el:

- Informe emitido na data 02/04/2026 pola Policía Local do Concello de Ribeira.
- Parte de servizo número 1190/2025 realizado pola Policía Local do Concello de Ribeira.
- Documentación que achega a reclamante mediante escrito rexistrado de entrada na data 19/02/2026 co número 20263859 (a factura proforma antes mencionada).



- Informe emitido na data 26/05/2026 pola enxeñeira municipal.

Cuarto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que consta a presentación de escrito de alegacións de data 26/05/2026 por parte da entidade Mapfre, no que solicitan a desestimación da reclamación por non quedar suficientemente demostrada a mecánica do accidente.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 20/10/2025.

Segundo.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Terceiro.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da



súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao Índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estatística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, ou, no seu caso, as normas orzamentarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

Cuarto.-

4.1. Tempo e forma.-

En referencia agora ó presente caso, **a reclamante formula a súa reclamación en tempo e forma**, por non haber transcorrido aínda o prazo dun ano desde a data do accidente que motivou o prexuízo económico.

4.2. Lexitimación activa.-

Por outra banda, **a Sra. Pego Lema ten lexitimación activa suficiente para deducir a reclamación de indemnización que pretende**, ó ser a titular do vehículo danado.

4.3. Lexitimación pasiva.-

A lexitimación pasiva, pola súa parte, corresponde ao Concello de Ribeira, como titular do viario no que tivo lugar o accidente, tal e como se informa por parte da enxeñeira municipal en informe emitido na data 26/05/2026: “El lugar del accidente es el vial del Lugar de Aldea, en la parroquia de Castiñeiras, que es de titularidad municipal, por lo que su mantenimiento y conservación corresponde al Concello de Ribeira.”. A este respecto cómpre sinalar que o servizo de pavimentación das vías públicas é un servizo que deben prestar todos os municipios, de conformidade co disposto no artigo 26.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

4.4. Realidade dos danos.-

Así mesmo, **resulta demostrada a produción de danos no automóbil referido**, como se desprende da factura proforma de reparación dos danos que a reclamante achega coa súa reclamación.

4.5. Nexo causal.-

Seguidamente, cómpre analizar a existencia ou non dun nexo de causalidade entre o dano producido e o funcionamento dun servizo público cal é o servizo público viario, xa que a Administración ten o deber ineludible de manter as estradas que estean abertas á circulación pública de xeito tal que estea garantida en calquera momento a seguridade persoal daqueles que as utilicen. Isto implica o recoñecemento a favor destes dun principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial e este deber obriga á Administración a reparar as consecuencias danosas dos eventos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que aquela está obrigada a garantir.

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:



1º) A Policía Local, tivo constancia do accidente segundo indica no parte de servizo número 1190 realizado na data 26/06/2025 (data do accidente) ás 18:23 horas, e no que dispoñen que o lugar do sinistro foi o lugar da Aldea 30 (Castiñeiras), e que cando chegaron ó lugar do accidente atoparon o vehículo marca Skoda, modelo Octavia, con placas de matrícula 4554KGV, con danos na roda dianteira dereita, tanto na llanta como no neumático, observando, tras a pertinentes comprobacións, que os referidos danos son compatibles coa focha existente.

2º) No informe emitido pola Policía Local na data 02/04/2026 como consecuencia da instrución do expediente, dispónse o seguinte: *“Que a las 18:23 horas del día 26 de junio de 2025, fuimos requeridos a través de la Sala Operativa de la Policía Local, comunicando que en el lugar de Aldea a la altura del nº 30 de la parroquia de Castiñeiras de Ribeira, se había producido daños en un vehículo, provocados al pasar por encima de un socavón, de los cuales se realiza Parte de Servicio con nº 1190/2025, ratificándonos en lo expuesto en el citado Parte de Servicio, el cual se adjunta. La titularidad de la zona donde se produjeron los daños es del Ayuntamiento de Ribeira. Tras la inspección ocular del lugar de los daños, se pudo comprobar que existe un registro al que le faltaba la tapa y que se encuentra en el carril de circulación. Los daños observados en el vehículo corresponden al neumático de la rueda delantera derecha. El requirente nos manifiesta que encuentra daños en la dirección del vehículo, no pudiendo ser comprobados en el momento de la inspección solicitándole al requirente que los peritara. Los daños descritos pudieron ser provocados por el registro. La velocidad límite de la vía en el lugar de los daños es la genérica de 30 km/h. El lugar donde se produjeron los hechos está insuficientemente iluminado al no tener puntos de luz en las inmediaciones. Cabe señalar que el siniestro se produjo alrededor de las 01:00 horas del día reseñado en el Parte de Servicio, según manifiesta el requirente. No existe zona de paso alternativa cerca del obstáculo. No se puede determinar si no circulaba correctamente y no se tiene constancia de comportamientos negligentes por el conductor que influyera en el accidente. La carretera en cuestión se encontraba en obras en el momento del suceso. No se observaron otras quejas o reclamaciones por la situación de la carretera.”*

3º).- A enxeñeira municipal, en informe emitido na data 26/05/2026, afirma que non tivo constancia do accidente sufrido pola Sra. Pego Lema, realizando a seguinte descrición do lugar do accidente e do seu estado: *“El lugar del accidente es el vial del lugar de Aldea, en la parroquia de Castiñeiras. Se trata de un vial en buen estado de conservación, con el desgaste propio de su uso. El lugar exacto del accidente es a la altura del número 23 B. (...) En la fecha del accidente, esto es, el día 26/06/2025, no se hizo por parte del departamento de obras públicas, ninguna inspección al citado vial, por lo que, en principio, se desconoce el estado exacto del mismo en esa fecha. Con motivo de la reclamación presentada, el día 08/05/2026 se ha procedido a realizar una inspección al mencionado vial, apreciando como el bache ha sido reparado con el mismo material que la vía (...). Observando las fotografías del bache que constan en el informe policial y lo referido en dicho informe, es importante especificar lo siguiente:*

- *Que a lo largo del vial se aprecian las marcas de una zanja que debió realizarse para la instalación de algún servicio, y cerca de esa zanja el pavimento se resintió provocando ese denominado “bache”.*
- *Que más que un bache o un socavón, se aprecia una disgregación o fragmentación en el pavimento de aglomerado, pero en las fotografías del informe policial no se puede determinar la profundidad de aquel, ni tampoco es un dato que recoja el parte policial.*



- Que la carretera no se encontraba en obras, ya que en ese tramo no se realizaron obras. Se realizaron obras en las inmediaciones (en concreto, se pavimentó un tramo de la Rúa dos Curros, que es más abajo, a partir de la Fuente de la Aldea hacia Castiñeiras), pero no en el tramo del accidente.
- Que la disgregación del pavimento se encontraba en una recta, y hacia un lado de la zona rodada de los vehículos, pudiendo dejarlo en la parte central del vehículo o rebasarlo por la izquierda, ya que la carretera es suficientemente ancha como para esquivarlo.
- Que el vial está perfectamente iluminado. Así, en la fotografía que se adjunta a continuación, se señala en rojo el lugar exacto donde se encuentra el “bache” reparado, y se comprueba que existen hasta cinco farolas en ese tramo de vía que aparecen en la fotografía señaladas de color amarillo, apreciándose en la segunda fotografía una farola a la altura del punto exacto del accidente.”

Así mismo, o informe da técnica municipal afirma o seguinte en relación á causa do sinistro: “No puede afirmarse con total seguridad que la causa del accidente fuese la existencia de la fragmentación del pavimento en la vía, al no haber podido comprobar la entidad de esta irregularidad, no siendo suficiente para emitir un juicio de hecho los datos aportados en el informe policial porque no está definida la profundidad del defecto, que sería el dato más relevante a tener en cuenta para emitir una opinión fundada.”

Na análise xurídica que é necesario efectuar sobre a existencia, ou non, de relación de causalidade entre os danos sufridos pola reclamante e o funcionamento normal ou anormal do servizo público municipal, é preciso ter en conta dúas cuestións conexas:

- a) A existencia real do defecto no vial do lugar de Aldea concretado na existencia dunha “focha” no carril de circulación.
- b) A imputabilidade das consecuencias do accidente, isto é, a relación ou conexión directa do defecto da rúa co funcionamento do servizo público municipal.

E, é xa nesta primeira cuestión na que os informes encargados na instrución do expediente, non son coincidentes na súa totalidade.

En efecto, **os dous informes coinciden no feito de sinalar a existencia dun defecto na calzada, pero non son contestes en canto ós seus termos valorativos respectivos, o que debilita a segunda das cuestións, isto é, a conexión causal do defecto do viario co accidente polo que se reclama.**

Así, por un lado, a Policía local cualifica o defecto como unha focha, indicando que os danos observados no vehículo son compatibles coa existencia da mesma. Pola contra, o informe do Departamento de Obras Públicas, preceptivo de conformidade co disposto no artigo 81.1 da Lei 39/2015, ó carecer de datos relevantes como pode ser a profundidade do defecto, define o mesmo como unha disgregación ou fragmentación do pavimento na vía, poñendo en dúbida de que fose a causa do accidente.

Dos citados informes, extráense ademais as seguintes conclusións, que non reforzan, en absoluto, o valor probatorio dos feitos que se intentan demostrar pola reclamante:



- Que a reclamante coñecía a existencia do defecto na calzada xa que na súa propia reclamación afirma que circulaba cara o seu domicilio e que encontrou unha focha na estrada que "Ileva meses igual", polo que non pode considerarse un obstáculo sorpresivo para a reclamante.
- Que o accidente aconteceu no mes de xuño pola tarde, é dicir, con visibilidade suficiente. A este respecto compre sinalar que a reclamante indica que o sinistro tivo lugar sobre as 15:30 horas, mentres que o parte da policía local refírese ás 18:23 horas, e no informe de data 02/04/2026, despois de ratificarse no parte realizado, indica que o sinistro se produciu ás 01:00 horas. Independentemente da hora correcta, o feito é que si foi pola tarde había suficiente visibilidade dado a época do ano, e si foi de noite, a estrada, tal e como informa a enxeñeira municipal está suficientemente iluminada, polo que o posible defecto na calzada era perfectamente apreciable.
- Que o defecto da estrada atopábase nunha recta e cara un lado da zona de circulación, podendo ser perfectamente evitado pola condutora do vehículo dadas as características da estrada. O feito referido pola reclamante no seu escrito de reclamación de que non puido esquivalo por mor doutro vehículo que viña en dirección contraria, non aparece reflectido no parte policial realizado por mor do accidente que comunica a propia reclamante, polo que non pode ser introducido como elemento a ter en conta na configuración da mecánica do accidente.

En definitiva, tendo en conta todo o anteriormente manifestado en relación ás probas que constan no expediente, fai que non se poida articular sobre as mesmas unha relación de causalidade certa e indubidablemente probada entre o accidente sufrido pola Sra. Pego Lema e o estado da estrada do Lugar de Aldea pola que circulaba, abocando a un criterio final favorable á desestimación da reclamación interposta.

Por todo o exposto, **visto** o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 02/07/2026, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por **D^a M^a Eugenia Pego Lema**, polos danos sufridos no vehículo marca Skoda, modelo Octavia, con placas de matrícula 4554KGV, por mor do accidente ocorrido na data 26/06/2025, polos motivos e fundamentos antes expostos.

25.- AUTORIZACIÓN USO TEMPORAL DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS ADSCRITAS AO DEPARTAMENTO DE CULTURA (1)

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, Turismo e Igualdade, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 01/07/2026, relativa á autorización de uso temporal de instalacións municipais adscritas ao Departamento de Cultura, na que expón:

"Recíbese solicitude presentada por Francisco José Muñiz Fontañá, sede electrónica núm. 2026 15613 de data 24 de xuño de 2026, en nome da Asociación Cultural Taller de Danza Alecrín, interesando o Uso Temporal da seguinte instalación municipal co obxecto de realizar o Obradoiro de Baile nas modalidades de Linedance e Baile social para adultos, no calendario que se indica:



-Centro Social e Cultural de Carreira

Calendario: xullo de 2026 e de setembro de 2026 a xuño de 2027

Día: Mércores. Horario: 19.00 a 23.00 horas

Considerando que:

O Concello de Ribeira apoia a celebración de actos promovidos polo tecido asociativo principalmente proporcionando espazos, apoio logístico, recursos que permitan a realización dos eventos culturais, educativos, artísticos etc. ao tempo de asegurar que as instalacións municipais beneficien ao maior número de cidadáns.

Trátase dunha programación de continuidade. Ten interese cultural, fomenta a participación cidadá a cultura e a vida comunitaria.

Tendo en conta o artigo 125 do regulamento para a execución da Lei do patrimonio da Comunidade Autónoma Galega, aprobada por Decreto 50/1989, de 9 de marzo, que permite analoxicamente a utilización temporal de bens, levando implícita a cláusula de precariedade e podendo revogarse en calquera momento pola Administración, sen que o/a interesado/a teña dereito a indemnización algunha.

Conclusión:

Emítase INFORME Favorable de Uso Temporal do Centro Social e Cultural de Carreira para realizar o Obradoiro de Baile nas modalidades de Linedance e Baile Social organizados pola Asociación Cultural Taller de Danza Alecrín no calendario exposto. "

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Autorizar o Uso Temporal do Centro Social e Cultural de Carreira para celebrar o Obradoiro de Baile nas modalidades de Linedance e Baile Social organizado a instancia da Asociación Cultural Taller de Danza Alecrín, no seguinte data:

Calendario: xullo de 2026 e de setembro de 2026 a xuño de 2027

Día: Mércores. Horario: 19.00 a 23.00 horas

- Na difusión e publicidade do acto deberá inserir o logo identificativo do Concello de Ribeira que lle facemos chegar ao correo electrónico indicado na solicitude. Poderá remitir esta publicidade, cartelería dixital, ao enderezo culturaefestexos@ribeira.gal.
- Notificar o acordo a entidade solicitante xunto coas Condicións de Uso que se indican:

CONDICIÓN DE USO:

1. As condicións de uso estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso a entidade solicitante subscribirá unha póliza de seguro para cubrir tanto responsabilidade civil como os posibles accidentes, así como calquera outra que se poida derivar dos danos ocasionados polo uso da instalación (Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia «DOG» núm. 1, de 2 de xaneiro de 2018 e Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas «DOG» núm. 13, de 19 de xaneiro de 2019).
2. A dispoñibilidade da instalación está condicionada á programación que puidera ter lugar no calendario reservado, motivo polo que se lle comunicará coa antelación suficiente para a boa organización de todos.
3. Comprométese o solicitante a deixar a instalación nas mesmas condicións que estaba antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioros que puidieran orixinarse.



4. En ningún caso poderá destinarse a fins distintos do autorizado.
5. Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, dereitos de autor, adornos e outros).
6. Respetar o aforo da instalación.
7. Lémbrese á entidade organizadora que deberá cumprir co establecido na Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, así como o Decreto 226/2022, e o resto de normativa vixente en materia de orde pública e seguridade cidadá.

Na aceptación destas condicións e medidas, deberá achegar asinada unha Declaración de Responsabilidade que poderá entregar nas oficinas municipais de cultura, presencialmente ou a través do enderezo electrónico deste departamento: culturaefestexos@ribeira.gal.

26.- AUTORIZACIÓN USO TEMPORAL DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS ADSCRITAS AO DEPARTAMENTO DE CULTURA (2)

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, Turismo e Igualdade, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 08/07/2026, relativa á autorización de uso temporal de instalacións municipais adscritas ao Departamento de Cultura, na que expón:

“Recíbese solicitude presentada por María Ventura Sampedro Rego, sede electrónica núm. 2026 16465 de data 06 de xullo de 2026, en nome da Asociación Veciñal, Cultural e Prestadora de Servizos á Mocidade de Carreira, interesando a disposición de uso temporal das seguintes instalacións con motivo da celebración dos actos que se indican:

- **Centro Social e Cultural de Carreira**

Acto: Entrega de Diplomas de cursos

Día: 10 de xullo de 2026 de 20.00 a 22.00 horas

- **Casa de Cultura de Carreira**

Acto: Quedada aberta para intercambio de cromos do mundial de fútbol

Día: 18 de xullo de 2026 de 11.00 a 13.00 horas

Considerando que:

O Concello de Ribeira apoia a celebración de actos promovidos polo tecido asociativo principalmente proporcionando espazos, apoio loxístico, recursos que permitan a realización dos eventos culturais, educativos, artísticos etc. ao tempo de asegurar que as instalacións municipais benefician ao maior número de cidadáns.

Tendo en conta o artigo 125 do regulamento para a execución da Lei do patrimonio da Comunidade Autónoma Galega, aprobada por Decreto 50/1989, de 9 de marzo, que permite analoxicamente a utilización temporal de bens, levando implícita a cláusula de precariedade e podendo revogarse en calquera momento pola Administración, sen que o/a interesado/a teña dereito a indemnización algunha.

Conclusión:

Emítase INFORME Favorable de Uso Temporal do Centro Social e Cultural e Casa de Cultura, ambas na parroquia de Carreira co obxecto de celebrar os actos e calendario mencionados organizados pola Asociación Veciñal, Cultural e Prestadora de Servizos á Mocidade de Carreira.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**



- Autorizar o Uso Temporal das seguintes instalacións municipais para celebrar os actos organizados a instancia da Asociación Veciñal, Cultural e Prestadora de Servizos á Mocidade de Carreira:
 - **Centro Social e Cultural de Carreira:**
Acto: *Entrega de Diplomas de cursos* ó 10 de xullo de 2026 de 20.00 a 22.00 horas
 - **Casa de Cultura de Carreira**
Acto: *Quedada aberta para intercambio de cromos do mundial de fútbol* ó 18 de xullo de 2026 de 11.00 a 13.00 horas
- Na difusión e publicidade do acto deberá inserir o logo identificativo do Concello de Ribeira que lle facemos chegar ao correo electrónico indicado na solicitude. Poderá remitir esta publicidade, cartelería dixital, ao enderezo culturaefestexos@ribeira.gal.
- Notificar o acordo a entidade solicitante xunto coas Condicións de Uso que se indican:

CONDICIÓN DE USO:

1. As condicións de uso estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso a entidade solicitante subscribirá unha póliza de seguro para cubrir tanto responsabilidade civil como os posibles accidentes, así como calquera outra que se poida derivar dos danos ocasionados polo uso da instalación (Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia «DOG» núm. 1, de 2 de xaneiro de 2018 e Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas «DOG» núm. 13, de 19 de xaneiro de 2019).
2. A dispoñibilidade da instalación está condicionada á programación que puidera ter lugar no calendario reservado, motivo polo que se lle comunicará coa antelación suficiente para a boa organización de todos.
3. Comprométese o solicitante a deixar a instalación nas mesmas condicións que estaba antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioros que puidieran orixinarse.
4. En ningún caso poderá destinarse a fins distintos do autorizado.
5. Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, dereitos de autor, adornos e outros).
6. Respetar o aforo da instalación.
7. Lémbrese á entidade organizadora que deberá cumprir co establecido na Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, así como o Decreto 226/2022, e o resto de normativa vixente en materia de orde pública e seguridade cidadá.

Na aceptación destas condicións e medidas, deberá achegar asinada unha Declaración de Responsabilidade que poderá entregar nas oficinas municipais de cultura, presencialmente ou a través do enderezo electrónico deste departamento: culturaefestexos@ribeira.gal.



27.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE ABANCA E O CONCELLO DE RIBEIRA

Vista a proposta de resolución emitida pola Alcaldía do Concello de Ribeira, de data 02/07/2026, relativa á aprobación do convenio de colaboración entre ABANCA e o Concello de Ribeira para o apoio á promoción e difusión da **Festa do Percebe de Aguiño 2026**.

Visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 02/07/2026.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Primeiro.-** Aprobar o convenio de colaboración entre ABANCA e o Concello de Ribeira para o apoio á promoción e difusión da **Festa do Percebe de Aguiño 2026**.
- **Segundo.-** Facultar á Sra. Alcaldesa-Presidenta tan amplamente como en dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

28.- AUTORIZACIÓN DA CELEBRACIÓN DA “FEIRA DE ARTESANÍA”

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, Turismo e Igualdade, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 01/07/2026, relativa á autorización da celebración da “Feira de Artesanía”, na que expón:

“Que MADEIRA E FERRO SC CIF J72734619 como representante María Maritza Vasques Rubio D.N.I. X5673448S ten autorización da Xunta de Goberno Local celebrada o 04/06/2026 “A FEIRA DE ARTESANÍA” do 01 ao 16 de xullo no Malecón de Ribeira, por isto, solicitan ao Concello unha modificación de datas a través do rexistro xeral do Concello na data 26/06/2026 con Nº de rexistro de entrada 202615801 solicitando:

Autorización para celebrar no Malecón de Ribeira a “FEIRA DE ARTESANÍA” do 23 de agosto ao 6 de setembro de 2026

1. *Montaxe das casetas do 20 ao 22 de xullo.*
2. *Desmontaxe das casetas do 7 e 9 de setembro.”*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a celebración da “FEIRA DE ARTESANÍA” do 23 de agosto ao 6 de setembro de 2026 no Malecón de Ribeira.

Tendo en conta que a localización do espazo que solicita a empresa MADEIRA E FERRO SC para realizar a “FEIRA DE ARTESANÍA” non é de titularidade municipal; polo tanto é preciso que antes de comenzo a feira presente a autorización do espazo por parte da administración competente que é Portos de Galicia.

- Que sexa a entidade solicitante, MADEIRA E FERRO SC, quen solicite a autorización/permiso de ocupación do espazo á administración competente que,



neste caso que nos ocupa, é Portos de Galicia.

- Todos os fornecementos/necesidades de auga e electricidade, correrán por conta do promotor do evento, incluída a xestión e a tramitación coas empresas subministradoras competentes.
- A empresa deberá, con antelación, coordinarse coa policía local para a montaxe e desmontaxe das estruturas/casetas e para a instalación dos feriantes.
- Dar traslado deste acordo ao interesado e á Policía Local de Ribeira do Concello para o seu coñecemento.

29.- SOLICITUDE INSTALACIÓN CARPA EN ESPAZO PÚBLICO – Sociedad Cooperativa del Mar Santa Eugenia

Visto o escrito presentado por Pablo Pérez Martínez en representación de **Sociedad Cooperativa del Mar Santa Eugenia**, de data 03/07/2026 (Rexistro de entrada nº 16.395), no que solicita autorización para a instalación de carpa para stand con catering para degustación e promoción de produtos do mar os días:

- 24/07/2026 en Coroso (Zona centro de Deportes de Raqueta), co motivo de celebración da Festa da Dorna.
- 01/08/2026 en Bandourrío (Zona Praza de Pontevedra), co motivo de celebración das Festas de Ribeira.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a instalación de carpa para stand con catering para degustación e promoción de produtos do mar os días:
 - 24/07/2026 en Coroso (Zona Centro de Deportes de Raqueta), co motivo de celebración da Festa da Dorna.
 - 01/08/2026 en Bandourrío (Zona Praza de Pontevedra), co motivo de celebración das Festas de Ribeira.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento

30.- ACORDO DE CONDICIONAMENTOS PARA A CELEBRACIÓN DAS FESTAS DE AGUIÑO

Vista a proposta presentada polo Concelleiro Delegado de Festexos, Fernando Abrales Pérez, de data 03/07/2026, relativa ao establecemento de condicionamentos para a celebración das Festas de Aguiño, na que expón:

“De conformidade coa acordo adoptado en sesión da Xunta de Goberno Local, de data 2 de xullo de 2026, referido á autorización da celebración das Festas de Aguiño do 10 ao 16 de xullo de 2026 na explanada do Porto de Aguiño e contorna, a petición da Asociación O Serríño Os millores de Aguiño (Rexistro de entrada núm. 15282 e15283 de data 19/06/2026), trasladando ao departamento de



Cultura e Festexos o deber de comunicar ao solicitante todos aqueles condicionamentos que deberán cumprirse para a celebración do citado evento."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Conforme á **Lei 10/2017, do 27 de decembro**, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, así como o **Decreto 226/2022**, e o resto de normativa vixente en materia de orde pública e seguridade cidadá,

- **Establecer os condicionamentos** da celebración das Festas de Aguiño do 10 ao 16 de xullo de 2026 á Asociación O Serriño Os Millores de Aguiño, organizadores deste evento:

Obrigas da entidade organizadora

1. Seguros obrigatorios

- Dispor dunha **póliza de responsabilidade civil en vigor**, cos capitais mínimos establecidos polo **Decreto 226/2022**, do 22 de decembro.
- Presentar o **xustificante de pagamento** da póliza correspondente ao período da actividade.

2. Proxecto técnico e responsabilidade

Consta no expediente Declaración Responsable e Memoria Técnica de Seguridade redactado por Fabri Barbanza SL, de data 02/06/2026.

- Presentar unha **certificación final de adecuación** emitida por esta persoa responsable.

3. Instalacións e atraccións

- Para cada estrutura ou posto (escenarios, barracas, atraccións...):
 - **Certificado técnico de montaxe.**
 - **Seguro específico de responsabilidade civil e xustificante de pagamento.**
 - **Taxas de ocupación de vía pública**, se corresponde.

4. Electricidade e xeradores

- Presentar **boletíns eléctricos** das instalacións temporais segundo a **Instrución 2/2018** da Dirección Xeral de Enerxía e Minas.
- En caso de usar **xerador**, achegar certificado de inspección industrial.

5. Actividades con lume ou risco de incendio

- Solicitar autorización para **fogos artificiais, foguetes, globos ou calquera artefacto con lume**, se se prevé o seu uso.
- Cumprir coa normativa sobre **prevención de incendios forestais**.
- **Asumir a responsabilidade polos danos** ou incendios que se poidan producir.

6. Dereitos de autor

- Xestionar e abonar á **SGAE** ou entidade correspondente os dereitos de autor polas actuacións musicais.

7. Outras autorizacións

- Obter calquera **autorización adicional doutras administracións públicas** ou entidades privadas, se fose necesaria (ocupación de ocupación de espazo de dominio público portuario entre outros).



8. Horarios

- Establecer un horario límite da actividade ata as 4:00 h do día seguinte os días 12 e 16 de xullo de 2026 e ata ás 6.00 h do día seguinte os días 10, 11 e 15 de xullo de 2026.

Lembranza final

A entidade organizadora é responsable do cumprimento **íntegro da normativa aplicable**, sendo susceptible de sancións ou suspensión de actividades no caso de incumprimento.

- **Notificar o acordo á entidade organizadora.**
- **Dar traslado deste acordo á Policía Local e GAEM para o seu coñecemento.**

31.- AUTORIZACIÓN PARA A CELEBRACIÓN DAS “FESTAS DO VERÁN DE RIBEIRA 2026”

Vista proposta do Concelleiro Delegado de Festexos, Fernando Abrales Pérez, de data 03/07/2026, relativo á autorización para a celebración das “Festas do Verán de Ribeira 2026”, na que expón:

“A área de festexos do concello de Ribeira, coa colaboración da comisión de festas AC A Forcadiña, volve a impulsar un ano máis a programación das Festas do Verán de Ribeira 2026, que se desenvolverán do 29 de xullo ao 3 de agosto de 2026.

A edición deste ano contará cunha programación ampla e variada, na que a axenda de actividades ten unha clara vocación de xerar gratos recordos na compañía da nosa xente e de todo canto ten que ofrecer a nosa terra. Porque o obxectivo é que cada veciño, cada veciña, e visitante atope espazo para celebrar e participar. Boa proba disto son as actuacións musicais preparadas para facer vibrar a nosa cidade con todos os ritmos así como o resto das propostas, moitas delas da man do tecido asociativo, da parroquia e como non, da comisión de festas. Sen dúbida, é un cartel ambicioso froito dun arduo traballo ao longo de moitos meses que xa é unha realidade para toda a cidadanía, tanto veciños e veciñas de Ribeira como visitantes.

Estes festexos forman parte da nosa idiosincrasia e, por iso, desde esta área apostamos por unha programación de magnitude que fomenta a cultura e o turismo, pero que tamén dinamiza social e economicamente o noso municipio, especialmente, o pequeno comercio e a hostalaría.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorización a celebración desta programación.**
- **Autorizar os seguintes horarios máximos para os espectáculos do programa, de acordo á Lei 10/2017 de 27 de decembro e á Orde do 23 de outubro de 2020 pola que se determinan os horarios de inicio e remate dos espectáculos públicos e actividades recreativas:**



- Noites do mércores 29 ao xoves 30, do xoves 30 ao venres 31 de xullo, do domingo 2 ao luns 3 e do luns 3 ao martes 4 de agosto: ata ás 04:00 h
 - Noite do venres 31 de xullo ao sábado 1 de agosto, e noite do sábado 1 ao domingo 2 de agosto: ata ás 06:00 h
- **Dar traslado do acordo e da programación aos departamentos municipais da Policía Local e GAEM solicitando colaboración para garantir o seu correcto desenvolvemento así como a seguridade cidadá.**

32.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN III BANDEIRA DE TRAIÑAS MASCULINA AO CLUB DE REMO NÁUTICO DE RIBEIRA

LOGO DE VER D. Jesús Silva Vidal, en representación do “Club de Remo Náutico de Ribeira”, presenta escrito de data 23-06-2026, con número de rexistro de entrada municipal 15.520, SOLICITANDO:

“AUTORIZACION CELEBRACION III BANDEIRA DE TRAIÑAS MASCULINA O DÍA 19-07-26”

“A asistencia dos membros da AGRUPACION LOCAL DE PROTECCION CIVIL do Concello, para prestar asistencia con medios acuáticos (zodiac) desde as 11:00 horas as 13:00 horas na zona exterior do porto de Aguiño.

Tamén se require a presenza dunha patrulla da Policía Local, para regular o acceso dos remolques, autobuses e demais vehículos dos clubs participantes, na entrada do Porto, no horario antes indicado.”

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo a lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; no título II O Municipio; capítulo III Competencias; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: “Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer.”
2. Segundo a lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia; no seu título II Das competencias das Administracións Públicas Galegas en Materia de Deporte, artigo 8. Os municipios, apartado 7 di:
“Autorizar, consonte os requisitos xerais, a realización de actividades deportivas fóra das instalacións deportivas e en patrimonio público municipal”.
3. Consultados o inspector xefe da Policía Local de Ribeira e capataz do GAEM de Ribeira, informan que non atopan impedimento algún á celebración desta proba deportiva.

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal, de data 06-07-26, e a proposta de resolución do concelleiro de deportes, de data 06-07-26, favorables á mesma con condicionantes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte acordo:

Autorizar a celebración da III Bandeira de Traiñas Masculina ao Club de Remo Náutico de Ribeira cos seguintes condicionantes:

- Esta autorización concédese para o **19 de xullo de 2026** ao longo de toda a mañá.
- A concesión desta autorización non exime de outras que poidan ser necesarias a nivel público ou privado (CAPITANÍA MARÍTIMA, PORTOS DE GALICIA,...).



- Dar traslado á Policía Local e ao GAEM de Ribeira dos servizos solicitados para poder levar a cabo a celebración do evento (os extremos da colaboración destes corpos no desenvolvemento da competición, serán acordados en reunión entre os organizadores da proba e os xefes da Policía Local e GAEM de Ribeira).
- Os organizadores da proba, terán en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos deportivos nos ámbitos sanitario, de seguridade e da responsabilidade.
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).

33.- SUBVENCIÓN NOMINATIVA GASTROMAR (SOLICITUDE DE ADIANTO)

Vista a proposta de resolución do Concelleiro Delegado de Mar, Fernando Abraldes Pérez, de data 03/07/2026, relativo á autorización de adianto da subvención nominativa para a celebración da V edición de Gastromar, no que expón:

"Que a Asociación de Empresarios de Riveira CIF G15045594 como representante Francisco Manuel Martínez Gude DNI 52459696P solicitan ao concello a través do rexistro xeral do Concello na data 27/05/2026 con Nº de rexistro de entrada 202612546, solicitando:

1. *Un adianto do 50%, polo importe de 10.000€, da Subvención Nominativa de 20.000€ para a realización do evento gastronómico "Gastromar" que se celebrará en Ribeira, na Praza de España, do 21 ao 23 de agosto de 2026. "*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **acordo**:

- **Autorizar o adianto de 10.000 € da Subvención Nominativa para a xustificación da realización da V edición de GASTROMAR que se celebrará na Praza de España de Ribeira do 21 ao 23 de agosto de 2026.**
- **Dar traslado deste acordo ao interesado para o seu coñecemento.**

34.- SUBVENCIÓN NOMINATIVA "CAMPAÑAS ANUAIS 2026" (SOLICITUDE DE ADIANTO)

Vista a proposta de resolución do Concelleiro Delegado de Mar, Fernando Abraldes Pérez, de data 03/07/2026, relativo á autorización de adianto da subvención nominativa para a realización das Campañas Anuais 2026, no que expón:

"Que a Asociación de Empresarios de Riveira CIF G15045594 como representante Francisco Manuel Martínez Gude DNI 52459696P solicitan ao concello a través do rexistro xeral do Concello na data 27/05/2026 con Nº de rexistro de entrada 202612554, solicitando:

1. *Un adianto do 50%, polo importe de 10.000€, da Subvención Nominativa de 20.000€ para a realización das "Campañas Anuais durante o exercicio 2026" "*



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte acordo:

- Autorizar o adianto de 10.000€ da Subvención Nominativa para a xustificación da realización das “Campañas Anuais durante o exercicio 2026”.
- Dar traslado deste acordo ao interesado para o seu coñecemento.

35.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN DE HOMENAXE A MARÍA VILAS VIDAL

Visto o escrito presentado por **José Antonio Crujeiras Sampedro e José Manuel Sampedro Pérez**, en representación dun grupo de veciños da parroquia de Castiñeiras, de data 08/05/2026 (Rexistro de entrada nº 10.949), no que solicita autorización e colaboración municipal para a realización dunha homenaxe, durante a celebración das festas parroquiais, a María Vilas Vidal, como un referente do panorama deportivo local e nacional, coa colocación dunha lousa no paseo marítimo de Castiñeiras, facéndolle ver o recoñecemento do pobo, así como o agradecemento polas labores realizadas durante a súa longa carreira deportiva.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte acordo:

- Autorizar e prestar a colaboración municipal na realización dunha homenaxe, durante a celebración das festas parroquiais, a María Vilas Vidal, como un referente do panorama deportivo local e nacional, coa colocación dunha lousa no paseo marítimo de Castiñeiras, facéndolle ver o recoñecemento do pobo, así como o agradecemento polas labores realizadas durante a súa longa carreira deportiva.
- Dar traslado deste acordo aos interesados.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

36.- AUTORIZACIÓN PARA A CELEBRACIÓN DA FESTA DA DORNA 2026

Vista a proposta presentada polo Concelleiro Delegado de Festexos, Mar e Promoción do Litoral, Fernando Abrales Pérez, de data 06/07/2026, relativo á autorización para a celebración da Festa da Dorna 2026, no que expón

“Recíbese petición de Alejandro Nespereira Martínez, en nome da Asociación Cultural Real e Ilustre Cofradía da Dorna, interesando celebrar a Festa da Dorna 2026 os días do 17 ao 24 de xullo de 2026, sede electrónica núm.2026 10035 de 29 de abril de 2026, solicitando autorización para esta celebración e para ocupación dos espazos públicos necesarios destinados a este evento.

Adianta neste escrito as seguintes ocupacións Praza do Concello, Praza de Teruel, Praza Porta do Sol, Praza Alcalá Galiano e Praza de España.

Así mesmo solicita autorización para ocupación dos soportais da Praza Porta do Sol para habilitar unha zona de accesibilidade durante a celebración.

O horario xeral será de 00.00 h do 17 de xullo de 2026 a 6.00 horas do 25 de xullo de 2026.



Na data 25 de xuño de 2026, sede electrónica núm. 2026 15724, engade á solicitude dossier de seguridade do evento, manifestando que se manteña na súa integridade as solicitudes e autorizacións interesadas no escrito inicial, en base ao dossier adxunto e solicita autorización da Praza de España durante o período de celebración da festa para posible reubicación ou adaptación de actividades, escenarios e infraestruturas.

Solicita igualmente autorización para a actividade de venda de comida a través do foodtrucks no espazo ión de espazo no Malecón, (dende o Albatros ata Bule Bar), espazo lateral da rúa Rosalía de Castro (onde o Bule) para un remolque de venda de améndoas garapiñadas e de venda de rosquillas (onde a xoiería Nespereira), segundo se recolle no dossier de seguridade.

En cumprimento da normativa vixente, Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia (DOG nº 1 de 2 de xaneiro de 2018), o **Decreto 226/2022, de 22 de decembro de 2022**, de asistencia sanitaria e medidas de seguridade obrigatorias en espectáculos públicos, da **Orden de 23 de outubro de 2020** (DOG nº 219 de 30 de outubro de 2020) que determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e remate dos espectáculos públicos e das actividades recreativas e o resto de normativa vixente en materia de orde pública e seguridade cidadá, **deberán cumprir coas seguintes obrigas:**

Obrigas da entidade organizadora.

1. Seguros obrigatorios

- Dispor dunha **póliza de responsabilidade civil en vigor**, cos capitais mínimos establecidos polo **Decreto 226/2022**, do 22 de decembro.
- Presentar o **xustificante de pagamento** da póliza correspondente ao período da actividade.

2. Proxecto técnico e responsabilidade.

- Presentar un **proxecto técnico asinado por persoa competente**, que inclúa:
 - Actividades previstas (concertos, bailes, etc.)
 - Aforos e horarios.
 - Descrición de carpas, escenarios e demais elementos estruturais.
- Acreditar quen asumirá a **responsabilidade técnica da execución**, mediante documento asinado.
- Presentar unha **certificación final de adecuación** emitida por esta persoa responsable.

2.1 Medidas para actos de asistencia superior a 5000 persoas, ademáis:

- Plan de autoprotección que comprenda o plan de emerxencia, evacuación e riscos.
- Atención sanitaria sinalizado para primeiros auxilios e persoal con coñecementos acreditados en asistencia sanitaria inmediata durante todo o evento.
- Persoal de control de acceso.

Consta no expediente dossier detallado de actividades previstas, concertos, pasarrúas, concursos encontros entre outros; Ubicacións, aforo previsto, horarios e necesidades para cada acto redactado pola entidade organizadora.

3. Instalacións e atraccións.

- Para cada estrutura ou posto (escenarios, barracas, atraccións...):
 - **Certificado técnico de montaxe.**
 - **Seguro específico de responsabilidade civil e xustificante de pagamento.**
 - **Taxas de ocupación de vía pública, se corresponde.**

4. Electricidade e xeradores.

- Presentar **boletíns eléctricos** das instalacións temporais segundo a **Instrución 2/2018** da Dirección Xeral de Enerxía e Minas.
- En caso de usar **xerador**, achegar certificado de inspección industrial.

5. Actividades con lume ou risco de incendio.

- Solicitar autorización para **fogos artificiais, foguetes, globos ou calquera artefacto con lume**, se se prevé o seu uso.
- Cumprir coa normativa sobre **prevención de incendios forestais**.
- **Asumir a responsabilidade polos danos** ou incendios que se poidan producir.

6. Dereitos de autor.



- Xestionar e abonar dereitos de propiedade intelectual -SGAE, AIE, AGEDI que puderan corresponder das actuacións contidas na programación da festa.

7. Horarios

- Establecer un horario límite da actividade ata as 4:00 h do día seguinte os días 20, 21, 22 e 23 de xullo de 2026 e de ata ás 6.00 h do día seguinte os días 17, 18, 19 e 24 de xullo de 2026 .

8. Dereitos de autor

- Xestionar e abonar dereitos de propiedade intelectual -SGAE, AIE, AGEDI que puderan corresponder das actuacións contidas na programación da festa

Outras autorización.

- Obter calquera **autorización adicional doutras administracións públicas** ou entidades privadas, se fose necesaria.

Consideracións:

Que a Asociación Cultural Real e Ilustre Cofradía da Dorna é a entidade organizadora da Festa da Dorna declarada de Interese Turístico no ano 2005 pola Xunta de Galicia.

Que a Festa da Dorna é un proxecto de gran participación e compromiso social, evento de vital importancia na cidade, representando un importante impacto económico, turístico, social e cultural na comarca.

O Concello de Ribeira, dentro das súas competencias comprométese a:

- **Autorizar a celebración das Festa da Dorna en Ribeira os días do 17 ao 24 de xullo de 2026 nos diferentes espazos públicos municipais en que son ubicadas as actividades da programación (dossier presentado pola entidade).**
- **Establecer un horario límite de actividade ata 4:00 h do día seguinte os días 20, 21, 22 e 23 de xullo de 2026 e de ata ás 6.00 h do día seguinte os días 17, 18, 19 e 24 de xullo de 2026 .**
- **Prestar apoio loxístico e operativo, previa coordinación coas áreas municipais vinculadas atendendo ás necesidades indicadas no dossier presentado pola entidade e segundo a disponibilidade dos recursos.**

Lembranza final

A entidade organizadora é responsable do cumprimento **íntegro da normativa aplicable**, sendo susceptible de sancións ou suspensión de actividades no caso de incumprimento.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **acordo**:

- **Autorizar a celebración das Festa da Dorna en Ribeira os días do 17 ao 24 de xullo de 2026 nos diferentes espazos públicos municipais en que son ubicadas as actividades da programación (dossier presentado pola entidade).**
- **Establecer un horario límite de actividade ata 4:00 h do día seguinte os días 20, 21, 22 e 23 de xullo de 2026 e de ata ás 6.00 h do día seguinte os días 17, 18, 19 e 24 de xullo de 2026 .**
- **Prestar apoio loxístico e operativo, previa coordinación coas áreas municipais vinculadas atendendo ás necesidades indicadas no dossier presentado pola entidade (páx 34 a 39) e segundo a disponibilidade dos recursos.**

Comunicar á entidade organizadora que deberá cumprir o conxunto das obrigas e requisitos legais expostos.

Dar traslado deste acordo á Policía Local e GAEM; Área municipal de Limpeza Viaria; Medio Ambiente e Iluminación pública; Xuventude; Cultura e Festexos para atendan as necesidades particulares establecidas no dossier da programación do evento.



37.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN DE CESIÓN TEMPORAL DE ESPAZO PÚBLICO – Iria Casais Rivas

Visto o escrito presentado por **Iria Casais Rivas** en representación de BNG, de data 26/06/2026 (Rexistro de entrada nº15.780), no que solicita autorización de cesión de uso temporal da Praza do Concello (Ribeira) os días 10/07/2026, para realización dun acto festivo, e o 25/07/2026, para varias intervencións e sesión Dj; sendo o horario de 18:00 h ata as 03:00 h., e o acto desenvolverase de 20:30 h. a 00:00 h.; solicitando autorización para instalación de barra portátil para a venda de bebidas e merchandising, e tamén a colaboración municipal cun punto de conexión eléctrica, cadeiras e contedores RSU.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Non autorizar** a cesión de uso temporal da Praza do Concello (Ribeira), debido a que xa hai actividades programadas para esa data e lugar.
- **Como alternativa, se autoriza a cesión de uso temporal da Praza de Teruel (Ribeira)** para realización dun acto festivo, e o 25/07/2026, para varias intervencións e sesión Dj; sendo o horario de 18:00 h ata as 03:00 h., e o acto desenvolverase de 20:30 h. a 00:00 h.; solicitando autorización para instalación de barra portátil para a venda de bebidas e merchandising, e tamén a colaboración municipal cun punto de conexión eléctrica, cadeiras e contedores RSU.os días 10/07/2026, para realización dun acto festivo, e o 25/07/2026, para varias intervencións e sesión Dj; sendo o horario de 18:00 h ata as 03:00 h., desenvolvéndose o acto de 20:30 h. a 00:00 h.
- Autorizar a instalación de barra portátil para a venda de bebidas e merchandising.
- Prestar a colaboración municipal cun punto de conexión eléctrica, cadeiras e contedores RSU.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

38.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – María Jesús Fernández Pérez (CAMPER PALMEIRA)

A Xunta de Goberno Local queda enteirada do escrito presentado por **María Jesús Fernández Pérez** en representación establecemento **“Camper Palmeira”** (Palmeira), de data 07/07/2026 (Rexistro de entrada nº 16.788), nos que solicita permiso para a celebración de evento musical no establecemento hostaleiro **“Camper Palmeira”** (Palmeira), o día 11/07/2026, en horario de 21:00 h. a 23:30 h.

39.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Virginia Ramos Abal (A CABAÑA)

A Xunta de Goberno Local queda enteirada do escrito presentado por **Virginia Ramos Abal** en representación establecemento **“Brasería A Cabaña”** (Ribeira), de data 07/07/2026



(Rexistro de entrada nº 16.744), nos que solicita permiso para a celebración de eventos musicai no establecemento hostaleiro “Brasería A Cabaña” (Ribeira), os días:

- 11/07/2026, en horario de 20:30 h. a 23:30 h.
- 17/07/2026, en horario de 20:30 h. a 23:30 h.
- 26/07/2026, en horario de 13:00 h. a 15:00 h.
- 01/08/2026, en horario de 13:30 h. a 15:00 h.

40.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA (MODIFICACIÓN) – Tania Redondo Fernández (BALDOMERO)

A Xunta de Goberno Local queda enteirada do escrito presentado por **Tania Redondo Fernández** en representación establecemento “**Bar Baldomero**” (Palmeira), de data 08/07/2026 (Rexistro de entrada nº 16.819), no que solicita autorización para a modificación de horarios (23:00 h. a 01:00 h.) para a celebración de evento musical no establecemento hostaleiro “**Bar Baldomero**” (Palmeira), o día 10/07/2026, autorización concedida inicialmente por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada en data 25/06/2026.

41.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA DEPREGAR CADRO DE CAMPAÑA ECOEMBES – Comparte Marketing Social, S.L.

Visto o escrito presentado por Manuel María Vidal Rico en representación de **Comparte Marketing Social, S.L.**, de data 07/07/2026 (Rexistro de entrada nº 16.738), no que solicita autorización para despregar en Porto Grande un cadro da campaña “Coidar do Noso” Ecoembes x Concello de Ribeira, día 15/07/2026.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**

- Autorizar o despregue en Porto Grande dun cadro da campaña “Coidar do Noso” Ecoembes x Concello de Ribeira, día 15/07/2026.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

42.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA RODAXE DE PELÍCULA ES ESPAZO PÚBLICO – Zeitum Films, S.L.

Visto o escrito presentado por Prieto Martín Ramudo en representación de **Zeitum Films, S.L.**, de data 06/07/2026 (Rexistro de entrada nº 16.646), no que solicita autorización para rodaxe de varias esceas para película na Pedra da Rá, durante un día a situar entre o 20/07/2026 e o 01/08/2026.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:



- Autorizar a rodaxe de varias esceas para película na Pedra da Rá, durante un día a situar entre o 20/07/2026 e o 01/08/2026, sen prexuízo doutras autorizacións administrativas.
- Deberá notificar a data concreta da rodaxe con suficiente antelación e comunicalo á Policía Local.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

43.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – María Dolores Sampedro Ageitos (ZUM ZUM)

A Xunta de Goberno Local queda enteirada do escrito presentado por **María Dolores Sampedro Ageitos** en representación establecemento “**Cafetería Zum Zum**” (Ribeira), de data 02/07/2026 (Rexistro de entrada nº 16.257), no que solicita permiso para a celebración de evento musical no establecemento hostaleiro “Cafetería Zum Zum” (Ribeira), o día 16/07/2026, en horario de 21:00 h. a 00:00 h.

44.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN EXTERIOR DE LOCAL DE HOSTALERÍA – Verónica Elena Nogueira Carrera (FURNIÑAS CHIC)

A Xunta de Goberno Local queda enteirada do escrito presentado por **Verónica Elena Nogueira Carrera** en representación establecemento “**Chiringuito Furniñas Chic**” (Ribeira), de data 07/07/2026 (Rexistro de entrada nº 16.741), no que solicita permiso para a celebración de evento musical no exterior do establecemento hostaleiro “Chiringuito Furniñas Chic” (Ribeira), o día 11/07/2026, en horario de 18:00 h. a 23:00 h.

45.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN EXTERIOR DE LOCAL DE HOSTALERÍA – Geckos, S.C. (Ladeira)

A Xunta de Goberno Local queda enteirada do escrito presentado por **Geckos, S.C** en representación establecemento “**Ladeira**” (Corrubedo), de data 09/07/2026 (Rexistro de entrada nº 16.952), no que solicita permiso para a celebración de eventos musicais no exterior do establecemento hostaleiro “Ladeira” (Corrubedo), os días 11, 17 e 31/07/2026 e 07, 09, 14, 22 e 28/08/2026, en horario de 19:30 h. a 22:00 h.

46.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALAR BARRA EXTERIOR – Alejandro Crujeiras Vidal (IDOLOS)

Visto o escrito presentado por **Alejandro Crujeiras Vidal**, en representación do establecemento hostaleiro **Pub Ídolos**, de data 23/06/2026 (Rexistro de entrada nº 15.557), no que solicita autorización para a instalación dunha barra exterior fóra do seu



establecemento, o día 17/07/2026, a partir das 23:30 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- **Autorizar** a instalación dunha barra exterior fóra do seu establecemento, o día 17/07/2026, a partir das 23:30 h., en horario de apertura.
- **Non se autoriza a instalación de autofalantes no exterior do local.**
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

47.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALAR BARRA EXTERIOR – José María Tercero Paulo (RETABLO/ENIGMA)

Visto o escrito presentado por **José María Tercero Paulo**, en representación dos establecementos hostaleiros **Bar Retablo/Bar Enigma**, de data 08/07/2026 (Rexistro de entrada nº 16.876), no que solicita autorización para a instalación dunha barra exterior fóra dos establecementos, os días 17 a 24/07/2026.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- **Autorizar** a instalación dunha barra exterior fóra dos establecementos, os días 17 a 24/07/2026, en horario de apertura.
- **Non se autoriza a instalación de autofalantes no exterior do local.**
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

48.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALAR BARRA EXTERIOR – Catalina Gallardo Macías (GOLIMBREO)

Visto o escrito presentado por **Catalina Gallardo Macías**, en representación do establecemento hostaleiro **Restaurante Golimbrego**, de data 19/05/2026 (Rexistro de entrada nº 11.714), no que solicita autorización para a instalación dunha barra exterior fóra do seu establecemento, os días 17 e 18/07/2026.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- **Autorizar** a instalación dunha barra exterior fóra do seu establecemento, os días 17 e 18/07/2026, en horario de apertura.
- **Non se autoriza a instalación de autofalantes no exterior do local.**
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 10:40 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

